

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13240 *Lei 25/2011, do 1 de agosto, de reforma parcial da Lei de sociedades de capital e de incorporación da Directiva 2007/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo, sobre o exercicio de determinados dereitos dos accionistas de sociedades cotizadas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Preámbulo

I

Esta lei ten por obxecto, en primeiro lugar, a redución do custo de organización e funcionamento das sociedades de capital, a introdución dalgunhas normas de modernización do dereito desta clase de sociedades, reclamadas insistentemente pola práctica, así como a supresión dalgunhas das máis inxustificadas diferenzas entre o réxime das sociedades anónimas e o das sociedades de responsabilidade limitada.

En segundo lugar, esta lei pretende a transposición á lexislación interna da Directiva 2007/36/CE, do Parlamento Europeo e o Consello, do 11 de xullo, sobre o exercicio de determinados dereitos dos accionistas de sociedades cotizadas. Desde a primeira perspectiva pódese cualificar de lei de reforma parcial, mentres que desde a segunda pertence á categoría das leis de incorporación.

II

A redución de custos, na liña que xa se plasmou no Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, conséguese mediante a eliminación dalgúns requisitos de publicidade en prensa, oficial ou privada, que, se estiveron xustificados en épocas pasadas, perderon significado na época presente. Entre as medidas máis significativas destaca a relativa á forma de convocatoria da xunta xeral de socios, xeneralizando para as sociedades anónimas o réxime vixente para as sociedades de responsabilidade limitada. Suprímese, así, o carácter obrigatorio da publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» e nun diario dos de maior circulación na provincia en que estea situado o domicilio social, coas dúas únicas excepcións de que as accións emitidas sexan ao portador ou de que se trate dunha sociedade cotizada.

Así mesmo, procédese á derogación da exigencia legal de que determinados acordos de modificación dos estatutos sociais se teñen que anunciar en xornais como requisito necesario para a inscrición desa modificación no Rexistro Mercantil. Tamén se suprime a exigencia de que a disolución da sociedade anónima se publique nun dos diarios de maior circulación no lugar do domicilio social. Finalmente, elimínase a obriga da publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil», durante o período de liquidación da sociedade anónima, do denominado estado anual de contas.

Nesta liña de actuación é igualmente importante a admisión de que os estatutos das sociedades anónimas, en lugar dunha rixida estrutura do órgano de administración, poidan establecer dous ou máis modos de organización, facilitando así que, sen necesidade de modificar eses estatutos, a xunta xeral de accionistas poida optar

sucesivamente por aquel que considere preferible, o que supón un aforro de custos do que ata agora só se beneficiaban as sociedades de responsabilidade limitada.

En materia de contas anuais, dúas medidas veñen reducir o custo do seu depósito, facilitando o grao de cumprimento desta obriga. Por un lado, a eliminación do requisito regulamentario de que a sinatura dos administradores teña que ser obxecto de legalización. E, por outro lado, a supresión da publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» do anuncio das sociedades que cumprisen con esa obriga de depósito, de escasa utilidade desde a entrada en vigor da Lei 19/1989, do 25 de xullo, de reforma parcial e adaptación da lexislación mercantil ás directivas da Comunidade Económica Europea (CEE) en materia de sociedades. As actuais posibilidades de acceso telemático ao Rexistro Mercantil suplen as funcións que anos atrás podía cumprir a publicación das listas de sociedades que depositaran as contas anuais.

E, polo que se refire á liquidación, ponse fin á exigencia de que, na liquidación das sociedades anónimas, os bens inmobles se teñan que vender en poxa pública. Aínda que a doutrina e a xurisprudencia trataron de restrinxir o ámbito deste requisito, xa non existen argumentos para mantelo por máis tempo.

Das normas de modernización do dereito das sociedades de capital que a Lei introduce –procedentes da Proposta de Código de Sociedades Mercantís, de 2002, redactado pola Sección de Dereito Mercantil da Comisión Xeral de Codificación–, destacan dúas que se refiren ao consello de administración: unha regula, por primeira vez nunha norma con rango de lei, o réxime xurídico do administrador persoa xurídica, recollendo unha referencia específica á responsabilidade solidaria da persoa xurídica representada e do representante; e a outra regula a facultade de convocatoria do consello de administración polos administradores que representen, polo menos, un terzo dos compoñentes do órgano, cando o presidente, malia ter sido requirido para iso, non o tiver convocado.

III

En canto á eliminación de diferenzas de réxime entre as sociedades anónimas e as limitadas procedentes de decisións de política lexislativa adoptadas en momentos e en leis distintas, cómpre mencionar a unificación do contido de determinadas disposicións. Así, efectúase en relación coa convocatoria das xuntas xerais –na liña anticipada polo Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego–; coa admisibilidade tamén para as sociedades anónimas da posibilidade de introducir nos estatutos causas de exclusión de accionistas; coa unificación das causas legais de disolución, aplicando a todas as sociedades de capital a relativa á súa inactividade; coa xeneralización da norma supletoria sobre conversión automática en liquidadores dos administradores da sociedade; e coa unificación do réxime xurídico dos liquidadores de sociedade cancelada.

Estas diferenzas non se puideron superar na elaboración do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, xa que excedían os límites da habilitación concedida polas Cortes Xerais, como tivo ocasión de recoñecer expresamente o Consello de Estado. Supéranse agora co propósito de perfeccionar o réxime legal das formas xurídicas preponderantes na realidade económica española.

Neste mesmo sentido lévase a cabo a corrección da contradición entre o prazo que debe mediar entre a publicación da convocatoria da xunta xeral de accionistas e o prazo para a realización da xunta por solicitude da minoría. Así mesmo, amplíase o ámbito das sancións das condutas prohibidas no capítulo relativo aos negocios sobre as propias accións e participacións sociais.

IV

A Directiva 2007/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo, sobre o exercicio de determinados dereitos dos accionistas de sociedades cotizadas, ten como finalidade facilitar e promover, no ámbito da Unión Europea, o exercicio dos dereitos de información e voto dos accionistas das sociedades cotizadas. A través das normas

contidas nesta directiva aspirase a garantir que as xuntas xerais sexan debidamente convocadas e que os documentos que se deben presentar a estas estean dispoñibles a tempo para que todos os accionistas, con independencia do seu lugar de residencia, poidan adoptar unha decisión razoada no momento de emitir o voto.

A Directiva 2007/36/CE avoga por suprimir os obstáculos que dificultan o voto dos accionistas e remover os obstáculos legais para a participación electrónica nas xuntas, a excepción dos necesarios para a verificación da identidade do accionista e a seguridade das comunicacións electrónicas. Faise especial fincapé en lles permitir aos accionistas non residentes no Estado membro exercer os seus dereitos coa mesma facilidade que os residentes, eliminando os obstáculos que dificultan o seu acceso á información e o exercicio do voto sen necesidade de asistir fisicamente á reunión.

Ao mesmo tempo, regúlanse outras formas de participación do accionista nas xuntas, como a introdución de novos puntos na orde do día da reunión, a presentación de propostas de acordos sobre puntos da orde do día ou o exercicio do dereito de información sobre os ditos puntos e, en fin, suprímense os obstáculos que dificultan o exercicio do voto por representante para aqueles accionistas que optan por non acudir fisicamente á xunta e que tampouco participan por medios telemáticos.

A incorporación do contido desta directiva é, como antes se sinalou, outra das finalidades esenciais desta lei.

O réxime das sociedades cotizadas experimentou xa unha notable modernización dentro do marco do dereito español de sociedades. Dunha parte, débense destacar as modificacións que se efectuaron a través da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas, e da Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domiciliada en España.

A primeira delas, que incorporou ao ordenamento xurídico normas prelexislativas procedentes da xa citada Proposta de Código de Sociedades Mercantís de 2002, tivo un grande impacto, máis alá das sociedades cotizadas, por ampliar o catálogo legal dos deberes dos administradores de calquera clase de sociedade anónima.

Doutra parte, a promulgación da Lei de sociedades de capital supuxo unha reordenación sistemática do réxime xurídico das sociedades cotizadas e a unificación case completa, nun único texto legal, dunha disciplina ata entón dispersa no articulado do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e no título XII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Algunhas das normas incorporadas ao dereito español nos últimos anos e algunhas das que contén a directiva coinciden coas propostas nos últimos anos por aquelas comisións nomeadas para a mellora do bo goberno das sociedades cotizadas.

Con todo, malia os cambios normativos sinalados, quedan aspectos necesitados de mellora. Neste sentido, a lei fai uso das posibilidades que permiten os medios electrónicos dos que xa dispoñen estas sociedades, á vez que atende á necesaria garantía dos dereitos dos accionistas, especialmente en situacións transfronteirizas tan comúns na realidade contemporánea.

V

A lei contén tres artigos, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras. O primeiro destes artigos contén as modificacións da Lei de sociedades de capital antes sinaladas e aquelas outras que se consideran indispensables para a adaptación do réxime legal ás previsións da Directiva 2007/36/CE. Estas modificacións refírense a cuestións moi concretas, previstas respectivamente no número 3 do artigo 177 e no artigo 197, como son o prazo para anunciar a segunda convocatoria dunha xunta xeral que non se realizase en primeira convocatoria e sempre que no anuncio desa primeira convocatoria non se previse o día de realización en segunda convocatoria, e algunhas precisións no dereito de información dos accionistas en relación coas xuntas xerais.

A parte máis importante da transposición contense no artigo segundo, que modifica o capítulo VI e reordena os capítulos subseguintes do título XIV da Lei de sociedades de capital,

relativo ás especialidades da xunta xeral de accionistas das sociedades cotizadas. Este capítulo artúclase agora en dúas seccións para recoller as previsións da sinalada directiva.

Dentro deste capítulo a principal novidade é a nova sección 2.^a, dedicada ao funcionamento da xunta xeral e que, pola súa vez, se divide en tres subseccións. Na primeira subsección establécense as súas normas xerais, que pasan por consagrar a igualdade de trato para todos os accionistas da sociedade anónima cotizada e os aspectos relativos ás convocatorias, a súa publicidade e contido, así como o dereito de información dos accionistas. Na segunda subsección establécense normas especiais para a participación nas xuntas xerais das sociedades cotizadas por medio de representante, entre as que destaca a regulación específica do conflito de intereses do representante. Na subsección terceira establécense algunhas especialidades sobre a votación nas xuntas xerais das sociedades cotizadas.

Ligada a esta materia, axústase nesta lei a disposición adicional sétima da Lei de sociedades de capital, na que, para evitar unha interpretación extensiva das competencias da Comisión Nacional do Mercado de Valores, a súa función sancionadora non se estende a cuestións cuxa infracción corresponde aos órganos xudiciais.

Por último, mediante unha disposición derradeira introdúcense dous novos parágrafos no artigo 100 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa finalidade de articular un mínimo réxime disciplinario neste ámbito. Os tipos infractores relaciónanse: cos incumprimentos das previsións de publicidade da convocatoria das xuntas xerais de accionistas das sociedades cotizadas, que se regulan no novo artigo 516 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, e coa obriga de publicar os resultados das votacións dos asuntos tratados na xunta xeral de accionistas na páxina web en cinco días, de acordo co disposto no artigo 525 da citada lei.

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

Un. Introdúcese un novo artigo 11 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 11 bis. *Sede electrónica.*

1. A creación dunha páxina web corporativa deberá ser acordada pola xunta xeral da sociedade. O acordo de creación deberá ser inscrito no Rexistro Mercantil ou ben ser notificado a todos os socios.

A supresión e traslado da páxina web da sociedade poderá ser acordada polo órgano de administración, salvo disposición estatutaria en contrario. O dito acordo deberase inscribir no Rexistro Mercantil ou ser notificado a todos os socios e, en todo caso, farase constar na propia páxina web suprimida ou trasladada, durante os trinta días posteriores á adopción do dito acordo de traslado ou supresión.

2. Será por conta dos administradores a proba da certeza do feito da inserción de contidos na web e da data en que se fixeron. Para acreditar o mantemento do dito contido durante o prazo de vixencia, será suficiente a manifestación dos administradores que poderá ser desvirtuada polo prexudicado mediante calquera proba admisible en dereito.»

Dous. A alínea e) do artigo 23 queda redactada como segue:

«e) O modo ou modos de organizar a administración da sociedade, o número de administradores ou, polo menos, o número máximo e o mínimo, así como o prazo de duración do cargo e o sistema de retribución, se a tiveren.

Nas sociedades comanditarias por accións expresárase, ademais, a identidade dos socios colectivos.»

Tres. A alínea f) do número 1 do artigo 56 queda redactada como segue:

«f) Por non se expresar nos estatutos a cifra do capital social.»

Catro. O número 1 do artigo 72 queda redactado como segue:

«1. As adquisicións de bens a título oneroso realizadas por unha sociedade anónima desde o outorgamento da escritura de constitución ou de transformación neste tipo social e ata dous anos da súa inscrición no Rexistro Mercantil deberán ser aprobadas pola xunta xeral de accionistas se o importe daquelas fose, polo menos, da décima parte do capital social.»

Cinco. O número 2 do artigo 149 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O disposto no número anterior non se aplicará ás operacións feitas no ámbito das actividades ordinarias dos bancos e demais entidades de crédito. Estas operacións, non obstante, deberán cumprir o requisito a que se refire a alínea c) do artigo anterior.»

Seis. O número 1 do artigo 157 queda redactado como segue:

«1. Reputarase infracción o incumprimento das obrigas ou a vulneración das prohibicións establecidas neste capítulo.»

Sete. O parágrafo segundo do artigo 168 queda redactado como segue:

«Neste caso, a xunta xeral deberá ser convocada para a súa celebración dentro dos dous meses seguintes á data en que se tivesen requirido notarialmente os administradores para convocala, e na orde do día deberanse incluír necesariamente os asuntos que fosen obxecto de solicitude.»

Oito. O artigo 173 queda redactado da seguinte forma:

«1. Salvo disposición contraria dos estatutos, a xunta xeral será convocada mediante anuncio publicado no “Boletín Oficial del Registro Mercantil” e na páxina web da sociedade. Con carácter voluntario e adicional a esta última ou cando a sociedade non teña páxina web, a convocatoria publicarase nun dos diarios de maior circulación na provincia en que estea situado o domicilio social.

2. Os estatutos poderán establecer que a convocatoria se realice mediante anuncio publicado na páxina web da sociedade ou por calquera procedemento de comunicación, individual e escrita, que asegure a recepción deste por todos os socios no domicilio designado para o efecto ou no que conste na documentación da sociedade. No caso de socios que residan no estranxeiro, os estatutos poderán prever que só serán individualmente convocados de teren designado un lugar do territorio nacional para notificacións.

Con carácter voluntario e adicional, a convocatoria poderase publicar nun dos diarios de maior circulación na provincia en que estea situado o domicilio social.

3. Por excepción ao disposto no número anterior, no caso de sociedade anónima con accións ao portador, a convocatoria deberase realizar, polo menos, mediante anuncio no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”.»

Nove. O artigo 174 queda redactado como segue:

«En todo caso, a convocatoria expresará o nome da sociedade, a data e hora da reunión, a orde do día, en que figurarán os asuntos que se van tratar, e o cargo da persoa ou persoas que realicen a convocatoria.»

Dez. O número 3 do artigo 177 queda redactado como segue:

«3. Se a xunta xeral debidamente convocada, calquera que sexa a súa clase, non se puiden realizar en primeira convocatoria nin estiver previsto no anuncio a data da segunda, a celebración desta deberá ser anunciada, coa mesma orde do día e os mesmos requisitos de publicidade que a primeira, dentro dos quince días

seguintes á data da xunta non celebrada e con polo menos dez días de antelación á data fixada para a reunión.»

Once. O número 4 do artigo 197 queda redactado como segue:

«4. Non procederá a denegación de información cando a solicitude estea apoiada por accionistas que representen, polo menos, o vinte e cinco por cento do capital social. Os estatutos poderán fixar unha porcentaxe menor, sempre que sexa superior ao cinco por cento do capital social.»

Doce. Introdúcese o artigo 212 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 212 bis. *Administrador persoa xurídica.*

1. En caso de ser nomeado administrador unha persoa xurídica, será necesario que esta designe unha soa persoa natural para o exercicio permanente das funcións propias do cargo.

2. A revogación do seu representante pola persoa xurídica administradora non producirá efecto mentres non designe a persoa que o substitúa. Esta designación inscribírase no Rexistro Mercantil nos termos previstos no artigo 215.»

Trece. O artigo 246 queda redactado como segue:

«Artigo 246. *Convocatoria do consello de administración.*

1. O consello de administración será convocado polo seu presidente ou o que faga as súas veces.

2. Os administradores que constitúan polo menos un terzo dos membros do consello poderán convocalo, indicando a orde do día, para a súa celebración na localidade onde radique o domicilio social, se, logo de petición ao presidente, este sen causa xustificada non tiver feito convocatoria no prazo dun mes.»

Catorce. A redacción do número 1 do artigo 264 pasa a ser a seguinte:

«1. A persoa que deba exercer a auditoría de contas será nomeada pola xunta xeral antes de que finalice o exercicio que se vai auditar, por un período de tempo inicial, que non poderá ser inferior a tres anos nin superior a nove, contado desde a data en que se inicie o primeiro exercicio que se vai auditar, sen prexuízo do disposto na normativa reguladora da actividade de auditoría de contas respecto á posibilidade de prórroga.»

Quince. O artigo 279 queda redactado como segue:

«Artigo 279. *Depósito das contas.*

1. Dentro do mes seguinte á aprobación das contas anuais, os administradores da sociedade presentarán, para o seu depósito no Rexistro Mercantil do domicilio social, certificación dos acordos da xunta de socios de aprobación das ditas contas, debidamente asinadas, e de aplicación do resultado, así como, de ser o caso, das contas consolidadas, á que se xuntará un exemplar de cada unha delas. Os administradores presentarán tamén, se for obrigatorio, o informe de xestión e o informe do auditor, cando a sociedade estea obrigada a auditoría ou esta for acordada por petición da minoría.

2. Se algún ou varios dos documentos que integran as contas anuais se tiveren formulado en forma abreviada, farase constar así na certificación, con expresión da causa.»

Dezaseis. O artigo 281 queda redactado como segue:

«Calquera persoa poderá obter información do Rexistro Mercantil de todos os documentos depositados.»

Dezasete. A alínea a) do número 1 do artigo 346 queda redactada como segue:

«a) Substitución ou modificación substancial do obxecto social.»

Dezaoito. Introdúcese un novo artigo 348 bis que queda redactado como segue:

«Artigo 348 bis. *Dereito de separación en caso de falta de distribución de dividendos.*

1. A partir do quinto exercicio contado desde a inscrición no Rexistro Mercantil da sociedade, o socio que votase a favor da distribución dos beneficios sociais terá dereito de separación no caso de que a xunta xeral non acordase a distribución como dividendo de, polo menos, un terzo dos beneficios propios da explotación do obxecto social obtidos durante o exercicio anterior, que sexan legalmente repartibles.

2. O prazo para o exercicio do dereito de separación será dun mes contado desde a data en que se realizase a xunta xeral ordinaria de socios.

3. O disposto neste artigo non será de aplicación ás sociedades cotizadas.»

Dezanove. O artigo 351 queda redactado como segue:

«Artigo 351. *Causas estatutarias de exclusión de socios.*

Nas sociedades de capital, co consentimento de todos os socios, poderanse incorporar aos estatutos causas determinadas de exclusión ou modificarse ou suprimirse as que figurasen neles con anterioridade.»

Vinte. No artigo 363 suprímese o número 2, reenumérase o número 3, que pasa a ser o 2, e dásele a seguinte redacción ao número 1:

«1. A sociedade de capital deberase disolver:

a) Polo cesamento no exercicio da actividade ou actividades que constitúan o obxecto social. En particular, entenderase que se produciu o cesamento tras un período de inactividade superior a un ano.

b) Pola conclusión da empresa que constituía o seu obxecto.

c) Pola imposibilidade manifesta de conseguir o fin social.

d) Pola paralización dos órganos sociais de modo que resulte imposible o seu funcionamento.

e) Por perdas que deixen reducido o patrimonio neto a unha cantidade inferior á metade do capital social, a non ser que este se aumente ou se reduza na medida suficiente, e sempre que non sexa procedente solicitar a declaración de concurso.

f) Por redución do capital social por debaixo do mínimo legal, que non sexa consecuencia do cumprimento dunha lei.

g) Porque o valor nominal das participacións sociais sen voto ou das accións sen voto excedese a metade do capital social desembolsado e non se restablecese a proporción no prazo de dous anos.

h) Por calquera outra causa establecida nos estatutos.»

Vinte e un. O artigo 369 queda redactado como segue:

«A disolución da sociedade inscribírase no Rexistro Mercantil. O rexistrador mercantil remitirá de oficio, de forma telemática e sen custo adicional ningún, a inscrición da disolución ao “Boletín Oficial del Registro Mercantil” para a súa publicación.»

Vinte e dous. O artigo 376 queda redactado como segue:

«1. Salvo disposición contraria dos estatutos ou, no seu defecto, en caso de nomeamento dos liquidadores pola xunta xeral de socios que acorde a disolución da sociedade, os que fosen administradores no momento da disolución da sociedade quedarán convertidos en liquidadores.

2. Nos casos en que a disolución fose consecuencia da apertura da fase de liquidación da sociedade en concurso de acredores, non procederá o nomeamento dos liquidadores.»

Vinte e tres. No artigo 387 suprímese o número segundo, quedando o número primeiro como único parágrafo do artigo.

Vinte e catro. O número 2 do artigo 388 queda redactado como segue:

«2. Se a liquidación se prolonga por un prazo superior ao previsto para a aprobación das contas anuais, os liquidadores presentaranlle á xunta xeral, dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio, as contas anuais da sociedade e un informe pormenorizado que permitan apreciar con exactitude o estado da liquidación.»

Vinte e cinco. O artigo 397 queda redactado como segue:

«Os liquidadores serán responsables ante os socios e os acredores de calquera prexuízo que lles tivesen causado con dolo ou culpa no desempeño do seu cargo.»

Vinte e seis. O número 1 do artigo 435 queda redactado como segue:

«1. Na súa constitución, a denominación da sociedade nova empresa estará formada polos dous apelidos e o nome dun dos socios fundadores seguidos dun código alfanumérico que permita a identificación da sociedade de maneira única e inequívoca.»

Vinte e sete. O número 1 do artigo 443 queda redactado como segue:

«1. O capital da sociedade nova empresa non poderá ser inferior a tres mil euros nin superior a cento vinte mil euros.»

Artigo segundo. Modificación do capítulo VI e reordenación dos capítulos VII a IX do título XIV do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Un. Engádesse unha nova sección 1.^a ao capítulo VI, integrada polos actuais artigos 512 e 513, coa seguinte rúbrica:

«Sección 1.^a O regulamento da xunta xeral»

Dous. Os actuais artigos 514 e 515 pasan a ser os artigos 526 e 527 dentro da subsección 3.^a da sección 2.^a do capítulo VI; os actuais artigos 516 a 526 pasan a ser os artigos 528 a 538; o artigo 528 pasa a ser o artigo 539 e a sección 3.^a do capítulo IX reenumérase como sección 2.^a

Tres. Engádesse unha nova sección 2.^a ao capítulo VI co seguinte contido:

«Sección 2.^a Funcionamento da xunta xeral

Subsección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 514. *Igualdade de trato.*

As sociedades anónimas cotizadas garantirán, en todo momento, a igualdade de trato de todos os accionistas que se achen na mesma posición, no que se refire á información, a participación e o exercicio do dereito de voto na xunta xeral.

Artigo 515. *Prazo de convocatoria das xuntas xerais extraordinarias.*

1. Cando a sociedade lles ofrezca aos accionistas a posibilidade efectiva de votaren por medios electrónicos accesibles a todos eles, as xuntas xerais extraordinarias poderán ser convocadas cunha antelación mínima de quince días.

2. A redución do prazo de convocatoria requirirá un acordo expreso adoptado en xunta xeral ordinaria por, polo menos, dous terzos do capital subscrito con dereito a voto, e cuxa vixencia non poderá superar a data de celebración da seguinte.

Artigo 516. *Publicidade da convocatoria.*

1. A sociedade anónima cotizada está obrigada a anunciar a convocatoria da súa xunta xeral, ordinaria ou extraordinaria, de modo que se garanta un acceso á información rápido e non discriminatorio entre todos os accionistas. Para tal fin, garantíranse medios de comunicación que aseguren a difusión pública e efectiva da convocatoria, así como o acceso gratuito a esta por parte dos accionistas en toda a Unión Europea.

2. A difusión do anuncio de convocatoria farase utilizando, polo menos, os seguintes medios:

a) O “Boletín Oficial del Registro Mercantil” ou un dos diarios de maior circulación en España.

b) A páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) A páxina web da sociedade convocante.

Artigo 517. *Contido do anuncio de convocatoria.*

1. O anuncio da convocatoria de xunta xeral de sociedade cotizada, ademais das mencións legalmente exixibles con carácter xeral, expresará a data en que o accionista deberá ter rexistradas ao seu nome as accións para poder participar e votar na xunta xeral, o lugar e a forma en que se pode obter o texto completo dos documentos e propostas de acordo, e o enderezo da páxina web da sociedade en que estará dispoñible a información.

2. Ademais, o anuncio deberá conter unha información clara e exacta dos trámites que os accionistas deberán seguir para participaren e emitiren o seu voto na xunta xeral, incluíndo, en particular, os seguintes extremos:

a) O dereito a solicitar información, a incluír puntos na orde do día e a presentar propostas de acordo, así como o prazo de exercicio. Cando se faga constar que na páxina web da sociedade se pode obter información máis detallada sobre tales dereitos, o anuncio poderase limitar a indicar o prazo de exercicio.

b) O sistema para a emisión de voto por representación, con especial indicación dos formularios que se deban utilizar para a delegación de voto e dos medios que se deban empregar para que a sociedade poida aceptar unha notificación por vía electrónica das representacións conferidas.

c) Os procedementos establecidos para a emisión do voto a distancia, sexa por correo ou por medios electrónicos.

Artigo 518. *Información xeral previa á xunta.*

Desde a publicación do anuncio de convocatoria e ata a celebración da xunta xeral, a sociedade deberá publicar ininterrompidamente na súa páxina web, polo menos, a seguinte información:

a) O anuncio da convocatoria.

b) O número total de accións e dereitos de voto na data da convocatoria, desagregados por clases de accións, se existisen.

c) Os documentos que se presentarán á xunta xeral e, en particular, os informes de administradores, auditores de contas e expertos independentes.

d) Os textos completos das propostas de acordo ou, no caso de non existiren, un informe dos órganos competentes, en que se comente cada un dos puntos da orde do día. A medida que se reciban, incluíranse tamén as propostas de acordo presentadas polos accionistas.

e) Os formularios que se deberán utilizar para o voto por representación e a distancia, salvo cando sexan enviados directamente pola sociedade a cada accionista. No caso de que non se poidan publicar no sitio da internet por causas técnicas, a sociedade deberá indicar no sitio da internet como obter os formularios en papel, que deberá enviar a todo accionista que o solicite.

Artigo 519. Dereito a completar a orde do día e a presentar novas propostas de acordo.

1. Os accionistas que representen polo menos o cinco por cento do capital social poderán solicitar que se publique un complemento á convocatoria da xunta xeral ordinaria, incluíndo un ou máis puntos na orde do día, sempre que os novos puntos vaian acompañados dunha xustificación ou, de ser o caso, dunha proposta de acordo xustificada. En ningún caso se poderá exercer ese dereito respecto á convocatoria de xuntas xerais extraordinarias.

O exercicio deste dereito deberase efectuar mediante notificación que faga fe, que se deberá recibir no domicilio social dentro dos cinco días seguintes á publicación da convocatoria. O complemento deberase publicar con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da xunta. A falta de publicación en prazo do complemento será causa de nulidade da xunta.

2. Os accionistas que representen polo menos o cinco por cento do capital social poderán, no mesmo prazo sinalado no número anterior, presentar propostas fundamentadas de acordo sobre asuntos xa incluídos ou que se deban incluír na orde do día da xunta convocada. A sociedade asegurará a difusión destas propostas de acordo e da documentación que, de ser o caso, se achegue entre o resto dos accionistas, de conformidade co disposto na alínea d) do artigo anterior.

Artigo 520. Exercicio do dereito de información do accionista.

1. O exercicio do dereito de información dos accionistas réxese polo previsto no artigo 197. Ademais, os accionistas poderanlles solicitar aos administradores, por escrito ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da xunta, ou verbalmente durante a súa celebración, as aclaracións que estimen precisas acerca da información accesible ao público que a sociedade lle tivese facilitado á Comisión Nacional do Mercado de Valores desde a celebración da última xunta xeral e acerca do informe do auditor.

2. Os administradores non estarán obrigados a responder a preguntas concretas dos accionistas cando, con anterioridade á súa formulación, a información solicitada estea clara e directamente dispoñible para todos os accionistas na páxina web da sociedade baixo o formato pregunta-resposta.

Artigo 521. Participación a distancia.

1. A participación na xunta xeral e o voto das propostas sobre puntos comprendidos na orde do día de calquera clase de xunta xeral poderán ser delegados ou exercidos directamente polo accionista mediante correspondencia postal, electrónica ou calquera outro medio de comunicación a distancia, nos termos que establezan os estatutos da sociedade, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que participa ou vota e a seguridade das comunicacións electrónicas.

2. De conformidade co que se dispoña nos estatutos, o regulamento da xunta xeral poderá regular o exercicio a distancia de tales dereitos, incluíndo, en especial, algunha ou todas as formas seguintes:

- a) A transmisión en tempo real da xunta xeral.
- b) A comunicación bidireccional en tempo real para que os accionistas se poidan dirixir á xunta xeral desde un lugar distinto ao da súa celebración.
- c) Un mecanismo para exercer o voto antes ou durante a xunta xeral sen necesidade de nomear un representante que estea fisicamente presente na xunta.

Subsección 2.^a Participación na xunta por medio de representante

Artigo 522. *A representación do accionista na xunta xeral.*

1. As cláusulas estatutarias que limiten o dereito do accionista a se facer representar por calquera persoa nas xuntas xerais serán nulas. Non obstante, os estatutos poderán prohibir a substitución do representante por un terceiro, sen prexuízo da designación dunha persoa física cando o representante sexa unha persoa xurídica.

2. En caso de que se emitisen instrucións por parte do accionista representado, o representante emitirá o voto conforme estas e terá a obriga de conservar as ditas instrucións durante un ano desde a celebración da xunta correspondente.

3. O nomeamento do representante polo accionista e a notificación do nomeamento á sociedade poderanse realizar por escrito ou por medios electrónicos. A sociedade establecerá o sistema para a notificación electrónica do nomeamento, cos requisitos formais, necesarios e proporcionados para garantir a identificación do accionista e do representante ou representantes que designe. O disposto neste número será de aplicación á revogación do nomeamento do representante.

4. O representante poderá ter a representación de máis dun accionista sen limitación en canto ao número de accionistas representados. Cando un representante teña representacións de varios accionistas, poderá emitir votos de signo distinto en función das instrucións dadas por cada accionista.

5. En todo caso, o número de accións representadas computarase para a válida constitución da xunta.

Artigo 523. *Conflicto de intereses do representante.*

1. Antes do seu nomeamento, o representante deberá informar con detalle ao accionista de se existe situación de conflito de intereses. Se o conflito fose posterior ao nomeamento e non se advertise o accionista representado da súa posible existencia, deberá informalo diso inmediatamente. En ambos os casos, de non ter recibido novas instrucións de voto precisas para cada un dos asuntos sobre os que o representante teña que votar en nome do accionista, deberase abster de emitir o voto.

2. Pode existir un conflito de intereses para os efectos deste artigo, en particular, cando o representante se encontre nalgunha destas situacións:

- a) Que sexa un accionista de control da sociedade ou unha entidade controlada por el.
- b) Que sexa un membro do órgano de administración, de xestión ou de supervisión da sociedade ou do accionista de control ou dunha entidade controlada por este. No caso de que se trate dun administrador, aplicarase o disposto no artigo 526.
- c) Que sexa un empregado ou un auditor da sociedade, do accionista de control ou dunha entidade controlada por este.
- d) Que sexa unha persoa física vinculada coas anteriores. Consideraranse persoas físicas vinculadas: o cónxuxe ou quen o fose dentro dos dous anos

anteriores, ou as persoas que convivan con análoga relación de afectividade ou convivisen habitualmente dentro dos dous anos anteriores, así como os ascendentes, descendentes e irmáns e os seus cónxuxes respectivos.

Artigo 524. *Relacións entre o intermediario financeiro e os seus clientes para os efectos do exercicio de voto.*

1. Unha entidade que preste servizos de investimento, na súa condición de intermediario financeiro profesional, poderá exercer o dereito de voto nunha sociedade anónima cotizada, en nome do seu cliente, persoa física ou xurídica, cando este lle atribúa a súa representación.

2. No suposto que se recolle neste artigo, un intermediario financeiro poderá, en nome dos seus clientes, exercer o voto en sentido diverxente en cumprimento de instrucións de voto diferentes, se así as tivese recibido. Para iso, terá que lle comunicar á sociedade emisora, nos termos previstos no número 4 deste artigo, o sentido en que emitirá o voto.

3. O intermediario financeiro poderá delegar o voto a un terceiro designado polo cliente, sen que se poida limitar o número de delegacións outorgadas, salvo prohibición estatutaria.

4. Os intermediarios que reciban representacións deberanlle comunicar á sociedade emisora, dentro dos sete días anteriores á data prevista para a celebración da xunta, unha lista en que indiquen a identidade de cada cliente, o número de accións respecto das cales exerce o dereito de voto no seu nome, así como as instrucións de voto que o intermediario recibise, de ser o caso.

Subsección 3.^a Votación de acordos

Artigo 525. *Resultado das votacións.*

1. Para cada acordo sometido a votación da xunta xeral deberase determinar, como mínimo, o número de accións respecto das que se emitisen votos válidos, a proporción de capital social representado polos ditos votos, o número total de votos válidos, o número de votos a favor e en contra de cada acordo e, de ser o caso, o número de abstencións.

2. Os acordos aprobados e o resultado das votacións publicaranse íntegros na páxina web da sociedade dentro dos cinco días seguintes á finalización da xunta xeral.»

Catro. O que pasa a ser artigo 526 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 526. *Exercicio do dereito de voto por administrador en caso de solicitude pública de representación.*

1. Ademais de cumprir os deberes previstos no número 1 do artigo 523, no caso de que os administradores dunha sociedade anónima cotizada, ou outra persoa por conta ou en interese de calquera deles, formulasen solicitude pública de representación, o administrador que a obteña non poderá exercer o dereito de voto correspondente ás accións representadas naqueles puntos da orde do día nos cales se encontre en conflito de intereses, salvo que tivese recibido do representado instrucións de voto precisas para cada un dos ditos puntos conforme o artigo 522. En todo caso, entenderase que o administrador se encontra en conflito de intereses respecto das seguintes decisións:

- a) O seu nomeamento, reelección ou ratificación como administrador.
- b) A súa destitución, separación ou cesamento como administrador.
- c) O exercicio contra el da acción social de responsabilidade.

d) A aprobación ou ratificación, cando proceda, de operacións da sociedade co administrador de que se trate, sociedades controladas por el ou ás cales el represente ou persoas que actúen pola súa conta.

2. A delegación poderá tamén incluír aqueles puntos que, mesmo non previstos na orde do día da convocatoria, sexan tratados, por así permitilo a lei, na xunta, aplicándose tamén nestes casos o previsto no número anterior.

3. O establecido neste artigo será de aplicación aos membros do consello de control dunha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual.»

Artigo terceiro. *Modificación da disposición adicional sétima do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

A disposición adicional sétima queda redactada como segue:

«Disposición adicional sétima. *Competencias supervisoras da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

As disposicións contidas nos artigos 512, 513, 525.2, 526, 528 a 534, 538 e 539 do título XIV deste texto refundido forman parte das normas de ordenación e disciplina do mercado de valores, cuxa supervisión lle corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co disposto no título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores será competente para incoar e instruír os expedientes sancionadores a que dean lugar os incumprimentos das obrigas establecidas nos artigos indicados no parágrafo anterior, de acordo co disposto nos artigos 95 e seguintes da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas legais.*

Quedan derogados os artigos 289 e 527 e a rúbrica da sección 2.^a do capítulo IX do título XIV do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Engádense os parágrafos b ter) e b quáter) no artigo 100 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«b ter) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 516 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

b quáter) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 525.2 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Engádense unha nova disposición adicional cuarta á Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Documento cos datos fundamentais para o investidor.*

Para aquelas institucións de investimento colectivo das descritas na alínea a) do número 1 do artigo 2 desta lei que teñan a consideración de institucións de

investimento colectivo financeiras, coa excepción das que figuren inscritas no Rexistro de Institucións de Investimento Colectivo de Investimento Libre ou no Rexistro de Institucións de Investimento Colectivo de Institucións de Investimento Colectivo de Investimento Libre da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o documento de datos fundamentais para o investidor a que fai referencia o Regulamento (UE) nº 583/2010 da Comisión Europea, do 1 de xullo de 2010, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos datos fundamentais para o investidor e ás condicións que se deben cumprir ao se facilitar estes datos ou o folleto nun soporte duradeiro distinto do papel ou a través dun sitio web, será exigible desde o 1 de xullo de 2011, en substitución do folleto simplificado. O documento de datos fundamentais para o investidor deberase axustar no seu contido ao citado regulamento da Comisión Europea.

As institucións de investimento colectivo a que se refire esta disposición que cumpran cos requisitos da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, disporán do prazo dun ano a partir do 1 de xullo de 2011 para adaptaren o seu folleto simplificado ao documento de datos fundamentais para o investidor. A partir do 1 de xullo de 2011, a aquelas institucións de investimento colectivo comprendidas no ámbito de aplicación desta disposición que sexan de nova creación ou cuxo folleto se actualice por solicitude da propia institución de investimento colectivo ou da súa sociedade xestora, resultarlles exigible o documento de datos fundamentais para o investidor.

En relación con aquelas institucións de investimento colectivo ás cales lles resulte de aplicación esta disposición adicional, todas as referencias á forma e ao contido do folleto simplificado contidas nesta lei deberanse entender realizadas ao documento de datos fundamentais para o investidor, sempre que iso non contraveña o disposto no mencionado Regulamento da Comisión Europea.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación dos números 4 e 5 do artigo 34 da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.*

Os números 4 e 5 do artigo 34 quedan redactados como segue:

«4. O informe do experto ou dos expertos estará dividido en dúas partes: na primeira deberán expor os métodos seguidos polos administradores para establecer o tipo de troco das accións, participacións ou cotas dos socios das sociedades que se extinguen, explicar se eses métodos son adecuados, con expresión dos valores aos cales conducen e, de existiren, as dificultades especiais de valoración, e manifestar a opinión de se o tipo de troco está ou non xustificado; e, na segunda, deberán manifestar a opinión de se o patrimonio achegado polas sociedades que se extinguen é igual, polo menos, ao capital da nova sociedade ou ao importe do aumento do capital da sociedade absorbente.

5. O contido do informe do experto ou dos expertos sobre o proxecto de fusión estará integrado unicamente pola segunda parte nos seguintes casos:

a) Cando, en todas as sociedades que participen na fusión, así o acordasen todos os socios con dereito de voto e, ademais, todas as persoas que, de ser o caso, segundo a lei ou os estatutos sociais, fosen titulares dese dereito.

b) Cando a sociedade absorbente fose titular de forma directa ou indirecta de todas as accións ou participacións en que se divida o capital social da sociedade ou sociedades absorbidas.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación da Directiva 2007/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo, sobre o exercicio de determinados dereitos dos accionistas de sociedades cotizadas.*

Esta lei incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo, sobre o exercicio de determinados dereitos dos accionistas de sociedades anónimas cotizadas.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de agosto de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO